



BORRADOR ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), Nº 2/2017 DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO, CELEBRADA O 24 DE MARZO DE 2017.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

Grupo municipal de Movemento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)


Secretaria do Concello

Noemi Sirera Diéguez

HORA DE INICIO: 20,05 horas

HORA DE REMATE: 21,02 horas

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 20,05 horas, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto nº 104/2017 de 21 de marzo de 2017, reúnen-se en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptár os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte



ORDE DO DÍA:

- 1.- **Aprobación de acta de sesión anterior** (acta da sesión nº 1/2017, ordinaria, celebrada o 17 de febreiro de 2017)
- 2.- **Proposta de aprobación de modificación orzamentaria nº 5/2017 mediante suplemento de crédito financiado con operación de crédito a longo prazo.**

INICIO DA SESIÓN

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Boas noites, a espera de que chegue a compañeira Miriam que polo que me din está a chegar en poucos minutos, e da ausencia de Santi, quero dicir que este é un dos Plenos máis importantes e máis esperados nos últimos anos, é fundamental poder chegar a un consenso en beneficio de todos.

Comezamos, entón, agora si, polo primeiro punto do orde do día.

1.- APROBACIÓN DE ACTA DE SESIÓN ANTERIOR (ACTA DA SESIÓN Nº 1/2017, ORDINARIA, CELEBRADA O 17 DE FEBREIRO DE 2017)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) **o Señor Presidente pregunta** se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 1/2017, ordinaria, de 17 de febreiro.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Respecto a acta no teño nada que dicir. Si quería disculpar a ausencia do noso compañeiro o portavoz, de Santi, xa que nos últimos días avisárono para unha operación e foi operado onte, de índole leve aínda que está en reposo. Por iso disculpar a súa ausencia e si transmitir que lle gustaría estar aquí. Me transmitiu o seu voto e ~~que vai estar de acordo co que nos vaiamos decidir aquí.~~

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): As desculpas non son necesarias. A verdade é que descoñecemos a súa situación e desexamos que se mellore o antes posible, e sobre todo que a súa recuperación sexa o mais leve e inmediata posible.

¿Os demais Concelleiros teñen algo que dicir sobre a acta? Pois, entón pasamos a votala.

Non existindo mais observacións, **sométese a votación a acta da sesión nº 1/2017, de 17 de febreiro, e a mesma é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión.**

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 5/2017 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PLAZO.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pasamos ao punto número dous. Doulle a palabra o concelleiro que levou o peso deste procedemento.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Boas noites a todos. O que se trae a Pleno é unha modificación do orzamento en vigor para dar cabida a un suplemento de crédito que ten por finalidade o pago aos expropiados do parque Raíña Aragonta no ano 2005.



Este suplemento de crédito se vai a financiar a través dunha operación a longo prazo. Para elo habilítase a partida de gastos 151/600 por importe de 789.723,63€ que vai a dar cabida ao importe íntegro dos terreos, dos expropiados, tanto do importe do capital pendente como dos xuros xerados ata o de agora.

As terras se expropiaron no ano 2005 mentres que unha serie de propietarios non aceptaron o prezo que se lle deu no seu día por parte do Concello e decidiron acudir ao Xulgado, ao Tribunal de XustiPrezo acadando no ano 2008 a cantidade de 201€ dos 24€ ofrecidos inicialmente. Esa medida se recorre por parte do Concello e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia confirma ese prezo. A partir de ahí se intenta chegar a un plan de pagos cos propietarios o cal non se chegou a un acordo e se contempla a opción nos orzamentos municipais duns pagos municipais. Así se fixeron pagos no 2013 e no 2014. Un terceiro pago se cometeu no 2016, e outro cuarto pago se vai a cometer si hoxe sae aprobado o punto e a financiación antes de final de mes de 127.000€. Total se levan pagado 454.000€ con esta situación cos 789.000 euros se saldará a débeda total cos propietarios.

Dicir tamén que pasou o ditame da Comisión Informativa. Unha vez aprobado este punto se procede a dar publicación no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello para dar tempo de 15 días para presentar as alegacións oportunas. De non habelas a aprobación sería definitiva e si as houbera teriamos que resolvelas outra vez en Pleno e de ahí a un mes se volvería publicar no Boletín.


No aspecto económico, a situación económica a día de hoxe permite o Concello asumir este crédito a longo prazo que vai a permitir pagarlle aos propietarios. Temos un resultado orzamentario positivo, temos un nivel de débeda baixo, estamos nun 20% de nivel de débeda dos ingresos anuais, contamos cun aforro neto positivo de 400.000€ e o requisito de gastos xerais son os apropiados para contemplar esta medida. Tamén os Servizos Técnicos o aconsellan e en vista do que temos nas Sentenzas que chegaron nos últimos meses, as dúas primeiras confirmando o prezo establecido e en vista de que chegarán as que quedan pendentes, temos que zanxar a situación dunha vez por todas a situación na que nos atopamos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Dicir que o que se pretende aprobar está avalado por dous informes, un de intervención e outro polo asesor xurídico municipal, tanto do importe principal como dos intereses.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Xa antes de empezar a exposición, chámame a atención que o Alcalde faga mención a un informe externo, anónimo, porque non sabemos quen o está pedindo, non sabemos cando entrou en rexistro, elaborado por un señor que non é asesor municipal senón un xurídico externo que emite minutas mensuales a este Concello. Un señor que é o promotor dun escrito donde se pretendía coaccionar o voto deste grupo así como o do PSOE. Non sei se a pretensión é a de suplantar a función da Interventora Municipal que é funcionaría pública habilitada nacional.

Dito esto, estamos ante un expediente que revela a xestión nefasta, calamitosa diría eu, do señor Alcalde, dende a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no ano 2008 ata o día de hoxe, é o resultado, xa o saben todos. Pasamos dos 840.000€ que foi a valoración inicial a un custo total con xuros e costas de xuízos de arredor dun 1.200.000€, é dicir, un incremento con respecto da valoración do xustiprezo do 50%.

Nos preguntamos, por qué se pide esta operación de préstamo e non se pediu antes. Pois mire, voulle a ler, porque nos traballamos con informes técnicos e non de pacotilla, voulle a ler os requisitos que son necesarios cumprir para que se poida pedir unha operación a longo prazo como vai a ser esta. Un deles, dío o Real Decreto 20/2011 de 15 de Decembro, é que se lle pide o exercicio inmediato anterior cun aforro neto positivo. Como dixó o Concelleiro de área, neste caso si se cumpre. Que no caso de que o aforro neto sexa positivo, o volume de débeda viva non supere o 75%. Tamén o cumpriron este ano. Ben, pero estes parámetros xa os cumpliamos dende marzo de 2013, señor Alcalde, e llo vou contestar con documentación e tamén lle quero dicir aos propietarios que estamos en disposición de amosar toda a documentación e que non temos ningún problema en exporlla.



Mire, usted pide un informe á Intervención Municipal o 06/02/2013, ou sexa, vinte días desde que empezaron a entrar as primeiras resolucións, vinte días que nos teñamos constancia, porque nos temos constancia de que as primeiras sentenzas xudiciais firmes empezaron a entrar neste concello que nos teñamos constancia o 25/01/2013. Dez días aproximadamente mais tarde, intervención emite un informe a data 06/02/2013 onde di que, como hai que ter en conta a última liquidación e a esa data a última liquidación que está aprobada é a do ano 2011, e nesa data non se cumpren os parámetros que antes dixen para adoptar unha operación de crédito a longo prazo.

Esa situación mudou ao cambio dun mes, porque o 20/03/2013, Intervención Municipal emite un informe respecto da liquidación do 2012 e ahí si se cumpren os parámetros. Hai un acta de Pleno do 03/10/2013 onde o concelleiro de área confirma o mesmo que confirmaba o técnico municipal.

Quero que se vexa que en calquera dos anos dende o 2012 se podían pedir préstamos. Sigo, o 20/02/2014, o informe da Interventora tamén di que os parámetros se cumpren, tamén se podía decidir ahí o préstamo. O 29/08/2014, na aprobación da conta xeral do exercicio 2013, o concelleiro de área confirma tamén, que hai unha débeda do 36% e de aforro neto, 324.000€. O 06/03/2015, o informe de Intervención Municipal respecto da liquidación de orzamento de 2014, tamén se cumpren os parámetros. O 30/03/2016, informe da Interventora do Orzamento Xeral para o exercicio 2016, tamén se cumpren os parámetros. O 12/04/2016, informe de intervención, a liquidación do exercicio 2015, tamén se cumpren os parámetros. Falta o informe de liquidación do 2016, pero como ben dixo aquí o compañeiro Sito, tamén se cumprirían os requisitos.

Fai un mes aproximadamente, no último Pleno dicia usted que, dende o ano 2008 o Concello non cumpría os requisitos, excepto que o único crédito que se pediu foi o de pago a provedores. Ben, pois tampouco é certo, porque temos aquí o 27/06/2008, onde o señor Alcalde concerta unha operación de crédito de 406.000€ para inversión no orzamento do exercicio 2008. Entonces, o que comentou fai un mes a ver si non é certo.

As sentenzas do 2012, son firmes señor Alcalde, polo tanto cando hai unha sentenza xudicial firme hai que aceptala. O que non se pode é xustificala catro anos e medio despois de que fora dictada a sentenza.

Respecto as sentenzas, temos un agravio comparativo ben grande. Respecto do recoñecemento de crédito do ano 2016, o maior recoñecemento de crédito da historia deste Concello, usted pagou porque un auto xudicial así llo ordenou, e tramitou iso, en quince ou vinte días. E aquí as Sentenzas do ano 2012, que van para catro anos e medio, e están sen cobrar, ¿onde está a prelación de orde de pago?

Despois de lexitimar incluso o acto xeral da expropiación, que lembre usted recurriu o 30/05/2008, imaxino que plantexaría o recurso ben motivado, aínda así desestimouse ese recurso.

En definitiva para rematar este primeiro turno de intervencións, imos pagar intereses dúas veces. O que lle corresponde os expropiados, loxicamente hai que pagar os intereses, e outra, unha vez que se formalice o préstamo, haberá que pagarlle a entidade bancaria. Si se houbera formalizado no 2008 solo se pagarían unha vez. Ou sexa, uns 300.000€ a maiores imos a pagar en intereses. Si esa é unha boa xestión, pois que veña quen sexa e que o aclare, porque a xestión de eficiente ten moito que desexar.

A nosa posición vai ser favorable a que se solicite este préstamo, tendo en conta, iso si, que non estamos de acordo na forma que se xestionou este xustiprezo, no sentido de ter que pagar intereses dúas veces, pero aínda así en aras de que a xente cobre o que lle corresponde, a nosa posición vai ser favorable.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Boas noites a todos. Antes de comezar, trasladarlle ao compañeiro do PP o noso desexo de que se recupere prontamente.

Eu quería referirme ao Pleno celebrado o 17 de febreiro, porque este tema tratouse nese pleno celebrado hai un mes a raíz dunha pregunta que fixo o noso grupo de cómo se ía solucionar esta situación. Pedimos nese Pleno que se nos informase a tempo de cando íbase a celebrar este Pleno, de cando ía a ser a Comisión, para poder reunir a información a tempo para que puidésemos estudar con detalle porque tanto os afectados coma o resto da xente que está aquí hoxe, debe saber como chegamos aos Plenos.



A pesar de ter pedido iso, nos enterámonos do Pleno polos veciños e enterámonos da Comisión no momento da convocatoria, non houbo ningunha reunión previa a pesar da nosa petición. Chegamos a Comisión Informativa sin que asista a Interventora Municipal, por suposto a ausencia non é culpa da funcionaria, tiña as súas razóns, pero si que o grupo de goberno municipal sabía con antelación que a interventora non ia asistir a esa Comisión. Tamén é verdade que nesa Comisión se solicitou que o Pleno se retrasase dous ou tres días, ou catro, ata que viñera a Interventora para que puideramos ter o asesoramento da persoa que leva os temas económicos. Díxosenos que non. O asesoramento que eu tiven como portavoz foi por teléfono, dada a miña xornada laboral e dado que fora das Comisión e das convocatorias oficiais non todo o mundo pode permitirse saír do traballo.

A Interventora tiña que estar na Comisión Informativa e o lóxico é que si o goberno municipal sabe que non vai asistir, que se retrase en 3 días. Eu creo que os afectados despois de esperar tantos anos, esperar dous ou tres días mais non lle supoñía nada para que se chegase aquí a un consenso cunha información totalmente clara.

Dito isto, quero que quede claro a falta de dialogo e de consenso co que se nos trata sobre todo ao Grupo Socialista nos temas nos que non levantamos a man ao gusto do señor Alcalde e quero deixar patente iso.

Poñéndonos un pouco mais a detalle co tema que nos trae aquí hoxe, dicir que o informe de Intervención é un informe favorable pero ao mesmo tempo desfavorable nunha parte: Os intereses desa operación non se deberían meter no grupo 6, non se deberían facer a cargo dun préstamo a longo prazo, é dicir, que deberían ir a cargo dos fondos propios do Concello.

É verdade que debido á cantidade que se debe agora mesmo de intereses, meter iso en fondos propios é complicado sobre todo porque temos un orzamento prorrogado, estamos traballando cun orzamento de 2016 e de momento, a non ser que nos enteremos polos veciños, non hai intención de aprobalo.

Dicir tamén que respecto de esa parte desfavorable do informe de Intervención, en nome propio e o da miña compañeira, tamén do Grupo Socialista, traer un informe externo para , digamos, desmentir ou maquillar o informe da Intervención, no meu criterio paréceme cando menos moi pouco serio. É unha falta de respecto ao traballo da Interventora Municipal que é a encargada de informar este tipo de operación.

Dicir tamén que si houberse calquer tipo de problema ou calquera cousa e que se termine no xulgado, o informe que vai a valer é o da Interventora Municipal, nunca o do asesor externo. E diso somos conscientes nos, o resto da oposición e o equipo de goberno, polo tanto, vólvolle repetir, paréceme moi pouco serio e me parece unha falta de respecto ao traballo que está facendo o equipo de intervención.

Nunha cousa si que que estou de acordo co señor Alcalde, que isto é un problema que creou o PP pero tamén dicirlle que é un problema que alargou no tempo o señor Alcalde, que o puido solucionar antes pero ultimamente nos ten acostumbrados a traballar a toque de sentenza e solo por obrigación. Entón, é verdade que o problema non o creou el pero tendo en conta que o problema se agrandou e se van pagar mais intereses por non poñer o mellor da súa parte para non ter arranxado o problema antes.

Nos dende logo non vamos a opoñernos a que os propietarios cobren o que se lle debe, pero o que digo é que se fagan as cousas ben cando se pida o crédito en si, estudien con detalle todas as posibilidades, sobre todo para que non pase o que vai pasar agora co recoñecemento extraxudicial do crédito que, o señor Alcalde chegou a un acordo cos provedores de non pagar intereses e agora xa hai algún proveedor que está reclamando igual polos intereses non cobrados. Entón eu creo que eses aforros se fagan con sentido. Primeiro falar, ter intención de chegar a consensos, acordos, de dar información, e non poñerlle trabas a oposición para que poidamos facer o noso traballo da mellor maneira posible.

Solo engadir unha cousa, , cando lle traslade o señor Alcalde a prensa o que é a súa afirmación do que vai ser a nosa intención de voto, polo menos que faga unha chamadiña antes e me pregunte porque senón pode ocurrirlle como xa lle ocorreu en moitas ocasións de equivocarse no que afirma. Nada mais.



Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Non teño nada que dicir.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Vou empezar polo que dixo Verónica que o teño mais fresco. Dicar que os membros da corporación que estamos aquí tiñan toda a información dende o xoves de fai unha semana para analizar e ver o expediente. A Interventora non asistiu a reunión porque estaba de baixa médica, torceu un tobillo, e o día que se incorporou tivo que facer o cese porque lle asignaron a praza de Valdoviño na Coruña e non puido asistir porque se tivo que desprazar.

De todos os xeitos, tiñades a vosa disposición a Interventora porque ela voluntariamente se prestou a vir ao Concello e informar sobre o expediente a quen fixera falta, de feito eu volo comuniquéi a través dun Whatsapp que me consta que o recibistes.

Logo tamén me choca por parte de Verónica que estando de asesora apoiase puntos con informes xurídicos que avalaban as decisións, é dicir, que antes lle valían e agora non lle valen. É mais, estamos falando dun informe xurídico que fai valoracións e interpretacións igual que fai a Interventora.

Con respecto da contestación a Joaquín, é que mencionou unha serie de datos... dicía que a situación era favorable no 2013. Eu lle aconsello que faga unha valoración total. Si se reúnen os requisitos non tes que ceñirte so a eso, tes que fixarte na cota de gasto, o nivel de débeda, o aforramento como ti dixeches, etc. Tes que facer unha valoración global e así o fixemos nos e os técnicos non nos aconsellaban neses momentos facer esa operación de crédito. O nivel de débeda era mais elevado que o de agora. E agora si se dan as circunstancias legais e recomendables. Por iso é que se plantexa neste momento, e mais tendo enriba da mesa as sentencias últimas que están chegando.

Por outra banda dicir que pagamos dúas veces xuros, intereses, infórmate un pouco de como está o mercado financeiro a día de hoxe, agora compensa financiar externamente que os xuros están moi baixos, están a un 0%, se negociará a mellor oferta, rondará o 1% e non o 4% que estamos xerando agora mesmo.

Xestión nefasta, que mencionaba Joaquín, eu creo que a xestión nefasta é do PP non ter pactado non seu día o que lle pertencía aos propietarios, os 201€ que lle pertencían. Enganastes a unha parte dos propietarios pagándolles 24€. Eu iso si creo que é unha xestión nefasta.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Si é certo que recibimos un mensaje por Whatsapp, tamén é certo que falei con Intervención onte pola mañá. Me fala usted da valoración total. Aquí témonos que guiar pola documentación, e a documentación é un informe de Intervención que di que cúmplense os parámetros. ¿Usted ten algún informe en negativo dicindo que non se pode pedir o préstamo no ano 2013, 2014, 2015 ou 2016? Si quere, amóseo, e póñoa enriba da mesa porque creo que non hai ningún.

Xa nos gustaría a moitos que xa con menos capital nos puxeran intereses de cero, si o consegue, pois mire, o felicitaremos pero me temo que vai ser un pouco complicado. Por tanto mais intereses ou menos vaise pagar xuros por dúas veces.

Respecto da responsabilidade, eu non digo que o PP non tivera a súa parte de responsabilidade no seu día, pero a resolución é do 2008, e alí se pudo facer algo e sempre se lle estivo dicindo aos propietarios que non se podía, e se pudo pedir un préstamo.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Efectivamente eu tamén falei coa Interventora municipal, tiven que facelo por teléfono, repito, porque cando foi a Comisión Informativa que é cando as persoas que traballamos temos dispoñibilidade para poder vir, non estaba.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Brevemente, dicirlle a Joaquín que como responsabilidade de xestión, temos que mirar o global da situación financeira do concello e os criterios indican que este é o momento de pedir a opción de financiamento. Porque nos xestionamos a economía do Concello, non a pretendemos levar a bancarrota.



Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿Algo mais? Ben, proposta de alcaldía, o primeiro que vamos a votar é a urxencia da presente proposta de concesión de crédito extraordinario; dando lectura á seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 5/2017 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON OPERACIÓN DE CRÉDITO A LONGO PRAZO.

De conformidade co disposto nos artigos 50 e 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, nos artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de Abril, polo que se desenrola o Título 6º da citada Lei e da Base 9ª das Bases de Execución do Orzamento 2016, prorrogado do 2017, proponse ó Pleno da Corporación:

Primeiro.- a declaración de urxencia dos gastos a realizar e formula a presente proposta de concesión de suplemento de crédito:

I.- GASTOS:

A) *Habilitación:*

| DENOMINACIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE (aumento) | TOTAL |
|---|-------------------------|-----------------------|-------------------|--------------|
| Indemnización expropiados parque Raiña Aragonta | 151-600 | 127.101,99 € | 789.723,63 € | 916.825,82 € |

TOTAL HABILITACIÓNS **789.723,63 €**

II- FINANCIACIÓN:

A) Operación de crédito a longo prazo: 789.723,63 €

TOTAL FINANCIACIÓN..... 789.723,63 EUROS

III) RESUMO:

| EXPRESIÓN | IMPORTE |
|--|--------------|
| 1.- Total suplemento de crédito | 789.723,63 € |
| 2.- Financiación: | |
| a) Operación de crédito a l/p..... | 789.723,63 |
| 3.- Financiación igual a Habilitación..... | 789.723,63 € |

"

Sometida polo Señor Alcalde a urxencia da proposta, a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, aproba a mesma por UNANIMIDADE dos doce membros asistentes a sesión, acordando o seguinte:

A continuación o Señor Alcalde lee o procedemento a seguir :

" Tramitación e aprobación do expediente.-

Segundo os artigos 177.2 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de concesión de suplementos de crédito as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables ós Orzamentos. Isto é:



- Proposta con Memoria xustificativa do Presidente
- Informe preceptivo da Intervención municipal
- Dictamen da Comisión Informativa Especial de Contas, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.
- Aprobación provisional polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réximen Local)
- Exposición ó público do acordo de aprobación inicial ou provisional durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.
- O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquer caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.
- O expediente de modificación de créditos, definitivamente aprobado con ou sin modificacións sobre o acordo de aprobación inicial ou provisional, será insertado no Boletín Oficial da Provincia, ademais de no taboleiro de anuncios.
- Da concesión de créditos extraordinarios se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.
- Contra a aprobación definitiva da concesión de suplemento de crédito poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.
- A modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación a que fai referencia o punto III.VII anterior, sendo executiva dentro do mesmo exercicio da súa aprobación."



Sometida polo Señor Alcalde a proposta, a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, aproba a mesma por UNANIMIDADE dos doce membros asistentes a sesión, acordando o seguinte:



Primeiro.- a declaración de urxencia dos gastos a realizar e formula a presente proposta de suplemento de crédito:

I.- GASTOS:

B) Habilitación:

| DENOMINACIÓN | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | IMPORTE (aumento) | TOTAL |
|---|-------------------------|-----------------------|-------------------|---------------|
| Indemnización expropiados parque Raiña Aragonta | 151-600 | 127.101,99 € | 789.723,63 € | 916.825,82. € |

TOTAL HABILITACIÓN 789.723,63 €

II- FINANCIACIÓN:

B) Operción de crédito a longo prazo: 789.723,63 €

TOTAL FINANCIACIÓN..... 789.723,63 EUROS



III) RESUMO:

| EXPRESIÓN | IMPORTE |
|---|---------------------|
| 1.- Total suplemento de crédito | 789.723,63 € |
| 2.- Financiación: b) Operación de crédito a l/p..... | 789.723,63 |
| 3.- Financiación igual a Habilitación..... | 789.723,63 € |

Queda aprobado este segundo punto da orde do día e comeza polo tanto as xestións para o pago mediante crédito extraordinario que se acaba de aprobar.

Non habendo máis temas que tratar, ás vinte e unha e dous minutos, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de nove páxinas numeradas do un ao nove), e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

A SECRETARIA DO CONCELLO

Noemí Sirera Diéguez



